

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 11 de xuño de 2014 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13, convocados pola Orde do 18 de febreiro de 2014 (Diario Oficial de Galicia do 28 de febreiro).*

A Orde do 18 de febreiro de 2014 (DOG do 28 de febreiro), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13, establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección designado por Resolución do 10 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13 (DOG do 20 de marzo) a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións obtidas polos candidatos e candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección nomeado por Resolución do 10 de marzo de 2014 (DOG do 20 de marzo) e a correspondente proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2014

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





ANEXO

**Proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13**

Sol.	Apelidos e nome	Familia	Cód. C.	Centro estudos	Importe
1614	Fernández Lage, David	Actividades físicas e deportivas	15005233	IES Agra do Orzán	850 €
2831	Calvo Varela, Paloma	Administración e xestión	15023314	IES de Sabón	850 €
2398	González López, José	Agraria	27015891	IES da Terra Chá, José Traperero Pardo	850 €
1398	Ferreiro Abeijón, Alba	Artes Gráficas	36006419	IES Montecelo	850 €
3007	Pérez Sanlés, María Beatriz	Comercio e márketing	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	850 €
3497	García López, Eva María	Edificación e obra civil	15024513	CIFP Someso	850 €
1799	Torreira Pais, Martín	Electricidade e electrónica	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	850 €
1597	Fernández Campo, Eva	Enerxía e auga	32015050	CIFP A Farixa	850 €
2895	Trinidad Porta, Silvia	Fabricación mecánica	15006754	CIFP Ferrolterra	850 €
2609	Vázquez Rodríguez, Víctor	Hostalaría e turismo	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	850 €
1619	Quiñoá Piñeiro, Lara María	Imaxe e son	27020756	CPR TIC	850 €
3495	Blanco Mejuto, Rocío	Imaxe persoal	15024513	CIFP Someso	850 €
2399	Porto Carracedo, Manuel	Industrias alimentarias	36007552	CIFP A Granxa	850 €
2298	Ferreiros Miranda, Fidel	Informática e comunicacións	15021482	IES San Clemente	850 €
2109	Villar Naya, María Amparo	Instalación e mantemento	15005749	IES Universidade Laboral	850 €
2824	López Pérez, Borja	Madeira, moble e cortiza	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	850 €
1925	González Freire, Pedro Francisco	Marítimo-pesqueira	36020209	IGafa Instituto Galego de Formación en Acuicultura	850 €
1595	Estévez Anido, Ramón	Química	27016509	IES Marqués de Sargadelos	850 €
2811	Graña Liste, Raquel	Sanidade	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	850 €
2996	Hernández García, David	Servizos socioculturais e á comunidade	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	850 €
1503	Álvarez Núñez, Ana	Téxtil, confección e pel	15027897	CIFP Paseo das Pontes	850 €
1905	Palomanes Paz, Daniel	Transporte e mantemento de vehículos	32009131	IES Universidade Laboral	850 €